



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE

Expte: 2020000021805

Ref: PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DAS AXUDAS PEL REACTIVA NO CONCELLO DE IRIXOA

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

- Mediante Resolución de Presidencia, número 23462 de 31/07/2020, publicada no boletín oficial da provincia (BOP) número 123 do 05 de agosto de 2020, aprobáronse as bases reguladoras do Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña (PEL-REACTIVA). E a Resolución de Presidencia núm. 24109 do 7 de xullo de 2020, publicada no BOP núm. 128, do 12/08/2020, modifica a resolución de presidencia número 23462, incluíndo os anexos correspondentes.

- Na Resolución de Presidencia núm. 32931 do 26 de outubro de 2020, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA (PEL-REACTIVA), publicada no BOP núm. 181 do 20 de outubro de 2020, indica, nos seus apartados quinto e sexto da súa parte dispositiva, o seguinte:

Quinto.- Determinar que os concellos adheridos ao Fondo, dispoñían de 5 días hábiles seguintes á publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para publicar a súa convocatoria específica das axudas para os/as beneficiarios/as e comunicar á BDNS a información sobre a mesma.

Sexto.- Determinar que o prazo de solicitude nos concellos por parte das microempresas e persoas traballadoras autónomas do termo municipal, se iniciase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, da convocatoria específica de axudas do concello e finalizará ás 14:00 horas do día 25 de novembro de 2020.

- A Disposición Adicional 1 das Bases Reguladoras das axudas PEL- REACTIVA, establece o seguinte:
“Coa finalidade de mellorar a xestión do Fondo de Financiamento e cumprir co obxectivo previsto nesta convocatoria de axudas, os seus prazos de tramitación poderán reaxustarse por Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña”

- Con data do 24 de novembro de 2020 o Concello de Irixoa presentou nesta Deputación escrito de solicitude de ampliación do prazo de publicación da convocatoria e de presentación de solicitudes, debidamente motivada polas dificultades no procedemento de rexistro do Concello na BDNS, xunto con problemas técnicos, informáticos e de xestión que imposibilitaron o cumprimento dos prazos determinados na devandita RP núm. 32931/2020.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Vistos os antecedentes sinalados así como a normativa de aplicación, **RESOLVO:**

- 1.- Ampliar o prazo de publicación da convocatoria específica de axudas do Concello de Irixoa no BOP ata o 26 de novembro de 2020.
- 2.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes de subvención dende o día seguinte ao da publicación no BOP da convocatoria específica de axudas do concello, ata as 14:00 horas do día 4 de decembro de 2020.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.